



Regulamento do Servizo de Mediación do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela

CAPÍTULO I: A MEDIACIÓN

Artigo 1. *Concepto da mediación*

1. Enténdese por mediación aquel medio de solución de controversias de carácter confidencial, calquera que sexa a súa denominación, en que dúas ou máis partes intentan voluntariamente acadar por si mesmas un acordo coa intervención dun mediador.
2. No procedemento de mediación garantírase que as partes interveñan con plena igualdade de oportunidades, mantendo o equilibrio entre as súas posicións e o respecto cara aos puntos de vista que cada unha exprese, sen que o mediador poida actuar en prexuízo ou interese de calquera delas.
3. Ninguén está obrigado a manterse no procedemento de mediación, nin a concluír un acordo.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

O presente Regulamento é aplicable ás mediacións en asuntos civís e mercantís realizadas no *Servizo de Mediación do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela* (en diante, Servizo de Mediación).

Poderán someterse á mediación as cuestións ou pretensións susceptibles de renuncia, transacción ou arbitraje, é dicir, que non afecten dereitos e obrigas indispoñibles.

Quedan excluídos, en todo caso e salvo que así se estableza legalmente:

- A mediación en asuntos penais.
- A mediación coas administracións públicas.
- A mediación en asuntos laborais.
- A mediación en materia de consumo.

Artigo 3. Finalidade e ámbito de aplicación do servizo

1. O Servizo de Mediación créase ao abeiro do disposto na letra ñ) do artigo 5 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, que, modificada pola Lei 5/2012, do 6 de xullo, atribúelle ao Colexio entre as súas funcións a de:

«Impulsar e desenvolver a mediación, así como desempeñar funcións de arbitraje, nacional e internacional, de conformidade co establecido na lexislación vixente.»

2. O Servizo de Mediación actúa como instrumento especializado creado para cumprir as funcións indicadas no punto anterior. O seu obxectivo é o de facilitar o acceso ás modalidades alternativas de solución de conflitos co fin de fomentar a resolución amigable dos litixios mediante o uso da mediación.

3. Ademais das mediacións previstas na Lei 5/2012, o Servizo de Mediación administrará os precesos de mediación sobre outras materias que non estean expresamente prohibidas polo ordenamento xurídico. Todo isto con independencia dos efectos que as leis determinen para o tipo de acordo que, de ser o caso, se acade.

Artigo 4. Funcións

As funcións do Servizo de Mediación son as seguintes:

- a) Impulsar, promover, facilitar, xestionar e desenvolver a mediación no ámbito da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación asuntos civís e mercantís, así como as mediacións noutros ámbitos, regulados ou non.
- b) Organizar e xestionar o *Rexistro de mediadores do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela* (en diante, Rexistro de mediadores).
- c) Facilitarlles aos interesados, xa sexan cidadáns comúns, avogados ou institucións, a relación de profesionais inscritos no Rexistro de mediadores.
- d) Organizar e participar na formación inicial e continua de mediadores.
- e) Garantir os recursos persoais e materiais necesarios para poder realizar os servizos de mediación.
- f) Custodiar as actas de mediación.
- g) Expedir certificacións de actas de mediación depositadas.
- h) Expedir o carné de mediador acreditado do Servizo de Mediación.
- i) Darlles publicidade e difusión ás actividades do Servizo de Mediación e á calidade dos profesionais inscritos.
- l) Xestionar as peticións de alta nos rexistros públicos de mediadores, creados ou que se creen no futuro, dos avogados inscritos no Rexistro de mediadores.
- m) Elaborar unha memoria anual de actividades e informes estatísticos das mediacións realizadas.

n) Todas aquelas que lle sexan atribuídas pola Xunta de Goberno, por gardar relación co obxecto e cos fins anteriores.

Artigo 5. Sede e lugar de desenvolvemento do procedemento

1. O Servizo de Mediación ten a súa sede no domicilio do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, onde se levarán a cabo os procedementos de mediación que xestione ou administre.
2. As mediacións electrónicas serán desenvolvidas consonte o regulamento de desenvolvemento que para o efecto se estableza. Para o soporte deste tipo de mediacións, poderase utilizar a plataforma tecnolóxica que o colexio de avogados cree ou servirse da que se estableza no seo da administración corporativa. Garantirase, en todo caso, a confidencialidade e o segredo das comunicacións.

Artigo 6. Organización e financiamento

1. O Servizo de Mediación dependerá da Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, a quen corresponde a súa regulación e a adopción de calquera acordo relacionado con este servizo.
2. A Xunta de Goberno designará un director ou directora, que será a persoa encargada de prover o necesario para a boa marcha do servizo; levar a axenda de procedementos e a quenda de mediadores; coordinar as súas actividades; propoñerlle á Xunta de Goberno a adopción dos acordos que excedan das súas atribucións para a mellor marcha do servizo, así como todas aquelas funcións que lle delegue a Xunta de Goberno.
3. O Servizo de Mediación nutrirase das persoas inscritas no Rexistro de mediadores.
4. As funcións do Servizo de Mediación desenvolveranse por medio dos recursos humanos e materiais do Colexio de Avogados, cuxas tarefas serán coordinadas co secretario técnico, para evitar que se afecte o normal desenvolvemento das tarefas ordinarias do colexio.
5. O Servizo de Mediación financiarase con cargo á partida correspondente dos orzamentos do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, á que se aplicarán os ingresos e os gastos de toda índole obtidos como consecuencia das súas actividades.
6. A Xunta de Goberno do Colexio de Avogados fixará, con carácter xeral e previo, o importe da prestación do servizo de mediación, que comprenderá, por un lado, a taxa de xestión e, por outro, os honorarios correspondentes ao mediador, unicamente cando este sexa designado polo propio Servizo de Mediación. Neste caso, o Colexio de Avogados encargarse de percibir o importe da prestación do servizo e de aboarllo con posterioridade ao mediador.
7. Os honorarios das persoas mediadoras designadas de común acordo polas partes serán pactados libremente. Neste caso as partes aboaranlle directamente os honorarios correspondentes ao mediador.

Artigo 7. *Condições do mediador*

1. O mediador será designado libremente polas partes. De se producir a falta de designación por mutuo acordo, o Servizo de Mediación designará un mediador de entre as persoas inscritas no Rexistro de mediadores. Neste último caso, as designacións efectuaranse mediante unha quenda obxectiva e transparente.
2. Para poder realizar mediacións no Servizo de Mediación, o mediador deberá:
 - a) Estar inscrito no Rexistro de mediadores ou ser designado de mutuo acordo polas partes.
 - b) Atoparse en pleno exercicio dos seus dereitos civís e carecer de antecedentes penais por delito doloso relacionado coa súa actividade profesional habitual.
 - c) Contar con formación específica para exercer a mediación.
 - d) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil que cubra a súa actividade como mediador e que dispoña dunha cobertura igual, como mínimo, á cantidade que cubra a póliza colectiva de responsabilidade civil do ICA de Santiago. No caso de que se adhira ao seguro de responsabilidade civil subscrito polo colexio, deberá constar aboada a cota que o colexio fixe.
 - e) Aceptar e someterse ao código de conduta do mediador que aprobe o Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela e ao protocolo de funcionamento do Servizo de Mediación.

Artigo 8. *Imparcialidade e neutralidade*

1. Antes de iniciar ou continuar a súa intervención, o mediador debe poñer en coñecemento do Servizo de Mediación e das partes toda circunstancia que poida afectar a súa imparcialidade ou supoñer un conflito de intereses. Esta obriga persistirá durante todo o proceso.
2. As circunstancias a que se refire o parágrafo anterior son as seguintes:
 - a) Calquera tipo de relación persoa, contractual ou empresarial con calquera das partes.
 - b) Ter interese directo ou indirecto no resultado da mediación.
 - c) Ter actuado, o mediador ou un membro da súa empresa ou organización, a favor de calquera das partes en calquera circunstancia, con excepción da mediación.

Nestes casos o mediador só pode aceptar o inicio ou a continuación da mediación baixo a condición de estar seguro de a poder realizar con tola imparcialidade, sempre que as partes o consintan explicitamente e así o fagan constar de forma expresa.

Artigo 9. Actuación do mediador

1. A aceptación da mediación obriga o mediador a cumprir fielmente o encargo e, se non o fixer, incorrerá en responsabilidade polos danos e perdas que causar. Os prexudicados (as partes ou a institución mediadora) terán acción directa contra o mediador.

2. O mediador facilitará a comunicación entre as partes e velará por que dispoñan da información e do asesoramento suficientes sobre os principios inspiradores da mediación, o procedemento, así como sobre a eficacia e a formalización do acordo ou acordos que se acaden.

3. O mediador recomendaralles ás partes que actúen con asesoramento letrado ou doutro tipo, se o considera conveniente.

Se cada parte acode á mediación con asesoramento do seu respectivo avogado ou incluso coa súa asistencia, o mediador solicitará dos avogados a súa colaboración para a información e o asesoramento de cada parte.

Se unha parte acode á mediación co asesoramento do seu avogado e a outra sen el, o mediador informará a esta última da conveniencia de asesorarse para que ambas as partes dispoñan do seu propio avogado durante o procedemento.

4. O mediador manterá unha conduta activa tendente a lograr o achegamento entre as partes.

Artigo 10. Obrigas, incompatibilidades e motivos de baixa do Servizo de Mediación

1. O mediador ten a obriga de actualizar e perfeccionar os seus coñecementos e habilidades formándose de maneira continua mediante a realización de cursos ou xornadas co mínimo que determinen as leis, os regulamentos que as desenvolven e, en todo caso, o Servizo de Mediación.

2. O mediador non lles poderá prestar ás partes asesoramento nin servizos profesionais distintos da mediación durante o procedemento. Unha vez finalizado, non poderá realizar ningún acto profesional en contra de ningunha delas. Esta última prohibición entenderase dispensada cando os actos profesionais sexan encomendados de forma expresa por todas as partes.

3. As mediacións levadas a cabo no marco do Servizo de Mediación deberán axustarse ao establecido no presente regulamento e á lexislación vixente sobre a materia.

4. Os mediadores poderán ser dados de baixa do Servizo de Mediación nos casos de:

a) Incumprimento sobrevido dos requisitos para ser incluído no Rexistro de mediadores.

b) Abandono da mediación sen causa xustificada.

c) Non asistencia a sesións de mediación sen causa xustificada.

d) Incumprimento do establecido no presente regulamento ou en calquera outra norma que resulte de aplicación.

e) Sanción disciplinaria ou condena penal imposta ao profesional, por feitos producidos no exercicio da súa profesión, sexa ou non a mediación.

Artigo 11. *Atribucións do mediador*

O mediador, no desempeño das súas funcións, terá as atribucións que sinala a lei. En especial, poderá renunciar ou dar por terminado o procedemento de mediación cando o considere conveniente e, en todo caso, cando algunha das partes participantes o solicite, en cuxo caso redactará e entergará ás partes unha acta na que conste tal extremo.

CAPÍTULO IV: PROCEDEMENTO DE MEDIACIÓN

Artigo 12. *Lexitimación*

1. Poderán facer uso do Servizo de Mediación as persoas físicas ou xurídicas que, tendo capacidade e un interese lexítimo para dispoñer do obxecto da mediación, decidan de forma voluntaria someterse a este procedemento e o soliciten na forma que sinala o presente regulamento.
2. As persoas xurídicas poderán acudir a eses medios a través do seu representante legal ou apoderado, con facultades para transixir e comprometer os seus intereses.

Artigo 13. *Confidencialidade*

1. O procedemento de mediación e as informacións que nel se produzan son confidenciais. A obriga de confidencialidade esténdese ao mediador, ás partes no conflito e, de ser o caso, aos seus representantes, así como aos letrados ou demais persoas que poidan intervir no procedemento, de modo que non poderán revelar a información que puidesen obter no seo do procedemento. A infracción do deber de confidencialidade xerará responsabilidade nos termos previstos no ordenamento xurídico.
2. Exceptúase o deber de confidencialidade cando as partes de forma expresa dispensen desta obriga ou cando a lei así o dispoña.

Artigo 14. *Pautas de actuación*

1. A mediación rexerese polo disposto no presente regulamento e polo establecido na Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, así como polas demais leis de aplicación e regulamentos de desenvolvemento.
2. O procedemento de mediación será informal e quedará baixo a dirección do mediador, que decidirá, de acordo coas partes, o modo máis adecuado de desenvolvelo.

3. O mediador poderá reunirse e comunicarse de forma separada coas partes. Neste caso deberá comunicar estas reunións a todos os intervinientes e a información facilitada nelas por cada parte non poderá ser comunicada á outra sen autorización expresa de quen a facilite.

4. O comezo da mediación suspenderá a prescrición ou a caducidade de accións cando así o determine a lei. Para estes efectos considerarase iniciada a mediación cando as partes e o mediador asinen a acta constitutiva.

O Servizo de Mediación non impedirá en ningún momento do procedemento que calquera das partes poida iniciar un proceso xudicial ou arbitral e poralle fin á mediación cando estas manifesten a súa vontade de o facer.

5. O procedemento de mediación será o máis breve posible tanto en duración como en número de sesións.

6. Para os fins de computar os prazos establecidos no presente regulamento, entenderase que os días son sempre naturais e que o mes de agosto é inhábil. Non obstante, durante o mes de agosto o rexistro administrativo permanecerá aberto.

O cómputo dos prazos comezará a partir do día seguinte á recepción da notificación e rematará ás 15 horas do día seguinte á expiración do termo.

7. As citacións e notificacións levaranse a cabo segundo o disposto na lexislación administrativa común e realizaranse na forma e no lugar expresados polos interesados. O rexeitamento ou os obstáculos á recepción dunha notificación poderá ser interpretado como un acto incompatible coa boa fe e a lealdade que deben rexer o procedemento e nese caso o mediador ou o Servizo de Mediación poderán actuar en consecuencia.

8. O mediador entregarálles ás partes un exemplar das actas constitutiva e final do procedemento.

9. A mediación poderá ser realizada por un ou varios mediadores.

Artigo 15. Inicio

1. O procedemento poderá ser iniciado:

- a) De común acordo entre as partes. Neste suposto poderase incluír a designación do mediador ou deixar que este sexa designado polo Servizo de Mediación.
- b) Por unha soa das partes.
- c) Por derivación xudicial.

2. O solicitante ou solicitantes da mediación deberán presentar unha solicitude escrita de mediación, que deberá conter:

- a) O seu nome ou denominación social, domicilio, número de teléfono e enderezo de correo electrónico para efectuar as notificacións.
- b) O nome ou denominación social da(s) outra(s) parte(s) en desavinxza, con indicación do domicilio, número de teléfono e enderezo de correo electrónico para efectuar as notificacións.

- c) Unha descrición da controversia.
 - d) As características e as cualificacións que habería de reunir o mediador, de o considerar preciso.
 - e) A identificación do mediador ou, se non o designa, o compromiso de aceptar o que lle sexa designado polo Servizo de Mediación, sen prexuízo do dereito de recusación.
 - f) Outros aspectos que se consideren convenientes.
3. Coa solicitude de mediación deberá achegarse:
- a) O resguardo do pagamento da taxa que proceda.
 - b) O documento en que constase o compromiso de acudir a este procedemento en caso de controversia, se existise.
 - c) A aceptación por escrito do mediador, cando fose designado previamente polas partes.

Artigo 16. Admisión da solicitude de mediación

1. Unha vez rexistrada a solicitude, a Xunta de Goberno examinará e, se se dan os requisitos necesarios para encargarse da xestión do procedemento, admitirá ou, no caso contrario, denegará.
2. Se no escrito de solicitude as partes designan un mediador, este considerase designado. No caso contrario, o Servizo de Mediación designará un.
3. A devandita resolución seralles notificada a todas as partes e outorgaráselle ao mediador un prazo de tres días para a aceptación e ás partes, igual prazo para a recusación.
4. As partes poderán designar de mutuo acordo un mediador que non figure inscrito no Rexistro de mediadores, que poderá ser calquera profesional que reúna os requisitos de formación exixidos pola lei e o presente regulamento e que posúa un seguro de responsabilidade civil que cubra a súa actividade como mediador. Os custos de xestión do Colexio de Avogados incrementaranse nun 25 %.

Artigo 17. Aceptación ou recusación do mediador

1. O mediador designado polo Servizo de Mediación deberá comunicar por escrito a súa aceptación.
2. A recusación efectuada polas partes non necesitará ser fundamentada e deberá manifestarse de forma expresa, en cuxo caso se procederá a unha nova designación. Cada parte poderá recusar unha soa vez. No caso de que algunha das partes pretenda recusar o mediador por segunda vez, arquivarase o expediente.
3. No caso de que a persoa mediadora designada polo Servizo de Mediación rexeite a designación sen causa xustificada, perderá a súa quenda na lista de mediadores.

Artigo 18. Sesión informativa

1. No caso de aceptación por todas as partes, o director ou directora do Servizo de Mediación citará o mediador e as partes para levar a cabo a sesión informativa e advertirá asemade das consecuencias da súa non asistencia. De non acudir algunha delas, elaborárase unha acta na que se faga constar o devandito extremo, que non terá carácter confidencial, e na que se declare que se intentou a mediación sen efecto e que se arquivou a solicitude.

2. Na devandita sesión informarase as partes do obxecto e da forma do procedemento, das súas características, dos efectos e do custo, así como do prazo para asinar a acta da sesión constitutiva. O mediador informará ademais sobre a súa imparcialidade, neutralidade, formación e experiencia.

3. No caso de aceptación, e para poder dar comezo ao procedemento de mediación, as partes deberán ingresar na conta que o Servizo de Mediación designe a taxa de xestión colexial do servizo, así como o de dúas sesións, no caso de que o mediador fose designado polo Servizo de Mediación.

Artigo 19. Sesión constitutiva

1. O procedemento de mediación comezará mediante a sesión constitutiva, na que as partes manifestarán a súa vontade de acudir á mediación e se recollerán en acta os seguintes aspectos:

- a) Identificación das partes.
- b) Designación do mediador e mención do centro de mediación.
- c) O obxecto do conflito.
- d) Programa de actuacións e duración máxima prevista.
- e) Información do custo da mediación ou bases para a súa determinación, con indicación separada de honorarios do mediador e outros posibles gastos.
- f) Declaración de aceptación voluntaria polas partes da mediación e de que asumen as obrigas dela derivadas.
- g) Lugar de celebración e lingua do procedemento.

2. A devandita aceptación e os demais extremos faranse constar na acta, que será asinada tanto polo mediador coma polas partes. No caso de falta de aceptación ou de sinatura, o mediador redactará a acta na que se recolla que a mediación foi intentada sen efecto.

Artigo 20. Desenvolvemento das sesións

1. Salvo que na sesión constitutiva as partes xa chegasen a un acordo, o mediador convocará as partes a unha segunda sesión para que cada unha expoña as súas posicións. Con este obxecto, o mediador facilitará o diálogo e a comunicación entre as partes de modo equilibrado.

2. Os principios de obxectividade, independencia e imparcialidade presidirán o desenvolvemento das actuacións, así como a carencia de formalismos, co único obxectivo de buscar unha solución transaccional que resolva a controversia.

3. A duración máxima de cada sesión será de 90 minutos, salvo que o mediador e as partes acorden ampliar a súa duración.

Artigo 21. Finalización do procedemento

1. O procedemento finalizará nos seguintes supostos:

- a) Cando as partes asinen un acordo parcial ou total respecto da controversia, que adquirirá a validez e a obrigatoriedade para as partes que determine a súa propia natureza, de acordo coas leis.
- b) Polo transcurso do prazo que as partes fixasen de mutuo acordo, salvo prórroga.
- c) Pola renuncia expresa ou tácita dunha parte a seguir o procedemento.
- d) Por decisión do mediador se chega a entender cabalmente que é pouco probable que a controversia se resolva en sede de mediación, polo irreconciliable das posturas ou por outras causas.
- e) No caso de morte, imposibilidade ou renuncia do mediador, agás cando as partes acorden a continuación con outro designado por elas ou, logo da súa solicitude, polo Servizo de Mediación.

2. Coa terminación do procedemento devolverase a cada parte os documentos que achegasen. Cos documentos que non haxa que devolver ás partes, formarase un expediente que se arquivará e será conservado na sede do Servizo de Mediación, durante un mínimo de catro meses.

3. No suposto de que se produza a renuncia do mediador ou o rexeitamento das partes á súa mediación, só se producirá a terminación do procedemento cando non se chegue a nomear un novo mediador.

4. A conclusión do procedemento de mediación farase constar nunha acta final, subscripta polas partes e polo mediador. Nela expresarase se se chegou ou non a un acordo, xa sexa total ou parcial, ou calquera outra causa de terminación.

Artigo 22. Acordo de mediación

1. O procedemento de mediación pode concluír con ou sen acordo.

2. O acordo de mediación pode versar sobre unha parte ou sobre a totalidade das materias tratadas. Recollerase nun documento que será asinado polas partes intervenientes e entregarase un exemplar orixinal a cada unha delas. Este documento poderase elevar a escritura pública perante notario ou solicitar a súa homologación en sede xudicial, en cuxo caso deberá ir acompañado das actas inicial e final.

3. O acordo deberá conter o seguinte:

- a) A identidade e o domicilio das partes; a identificación do mediador e da institución de mediación.

- b) Lugar e data da súa sinatura.
 - c) Os compromisos que cada parte asume.
4. O acordo de mediación terá os efectos que a lei lle reserve segundo a materia de que se trate.

CAPÍTULO V: RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 23. Custos do servizo de mediación

1. Os custos do servizo de mediación incluirán:

Os dereitos de xestión e administración do colexio de avogados.

Os honorarios do mediador ou mediadora

2. Ao solicitar a inclusión no Rexistro de mediadores, o mediador aceptará a cantidades fixadas para as intervencións en que sexa designado.

3. Non estarán incluídos nestes custos os gastos de protocolarización e homologación do acordo nin calquera outra actuación que se realice por acordo ou interese das partes.

4. Os importes dos dereitos de xestión e administración, así como os honorarios dos mediadores que figuren inscritos no Rexistro de mediadores son fixados pola Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela e figuran recollidos no anexo I do presente regulamento (táboa de custos).

5. No caso de que as partes designen de mutuo acordo un mediador que non figure inscrito no Rexistro de mediadores, este poderá acordar libremente os seus honorarios coas partes, que serán aboados no modo e nos prazos que conveñan.

Artigo 24. Pagamento dos custos do procedemento

1. O pagamento das taxas farase do seguinte modo:

a) O pagamento da taxa pola xestión do procedemento de mediación: no momento de presentar a solicitude.

b) O pagamento da taxa inicial pola sesión informativa: antes do inicio desa sesión.

c) Os honorarios do mediador designado polo Servizo de Mediación: ao rematar a súa intervención, sen prexuízo do pagamento á conta ou da provisión de fondos regulados no artigo seguinte.

d) Os honorarios do mediador designado polas partes: na forma en que conveñan o mediador e as propias partes.

2. O custo da mediación, conclúese ou non co resultado dun acordo, será dividido por igual entre as partes, salvo que exista pacto para o contrario.

Artigo 25. *Pagamento á conta e provisión de fondos*

1. O mediador designado polo Servizo de Mediación poderá exixir que antes de que teña lugar a sesión constitutiva as partes ingresen na conta do Servizo de Mediación o importe correspondente a dúas ou tres sesións do procedemento. Tamén poderá solicitalo unha vez iniciado o procedemento.

2. Se as partes ou algunha delas non realizasen en prazo a provisión de fondos solicitada, o Servizo de Mediación ou o mediador poderán concluír o procedemento e notificárllelo ás partes, sen que iso dispense do pagamento dos importes xa devindicados. Non obstante, no caso de que unha das partes non efectuase o pagamento, o mediador ou o Servizo de Mediación comunicárllelo ás demais partes antes de acordar a conclusión por se estas tivesen interese en suplir ese pagamento dentro do prazo de tres días dende a notificación.

Artigo 26. *Normativa aplicable*

Ao non previsto no presente regulamento, aplicaráselle o establecido na Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís.

Disposición derradeira

O presente regulamento entrará en vigor o 21 de xaneiro de 2014.

Anexo I

Custos do Servizo de Mediación do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela

1. Os custos de mediación incluírán os dereitos de xestión e administración do servizo de mediación, así como os honorarios polos servizos profesionais dos mediadores.
2. Non están incluídos nos honorarios dos mediadores nin nos dereitos de xestión e administración os gastos de protocolarización e homologación do acordo, nin tampouco calquera outra actuación que se realice por acordo ou interese das partes.

Táboa de custos:

a) Dereitos de inscrición no Rexistro de mediadores do ICA de Santiago

- 25 € persoa física
- 50 € sociedade (con designación dun só socio como mediador; se se designa máis, 25 € por cada un)

b) Dereitos colexiais de xestión e administración

- Asuntos de contía indeterminada ou inferior a 18.000 €: 150 €
- Asuntos de contía entre 18.001 € e 300.000 €: 300 €
- Asuntos de contía entre 300.001 € e 600.000 €: 500 €
- Asuntos de contía superior a 600.001 €: 800 € (neste caso, a este importe sumaráselle o 5 % dos honorarios devindicados polo mediador)

Estas cantidades fixas inclúen as catro primeiras sesións; a partir da quinta, cobrarase por sesión a cantidade que corresponda de dividir a cota fixa de cada tramo entre catro.

No caso de que as partes designen de mutuo acordo un mediador que non figure no Rexistro de Mediadores do ICA de Santiago, os presentes dereitos colexiais serán incrementados nun 25 %.

c) Honorarios dos mediadores

- Sesión informativa: 50 €
- Asuntos de contía indeterminada ou que superen os 18.000 €: 400 € (máximo 4 sesións, a partir da 5ª, 90 € máis por cada sesión)
- Asuntos de contía 18.001 € a 100.000 €: 600 € (máximo 4 sesións, a partir da 5ª, 110 € máis por cada sesión)
- Asuntos de contía 100.000 € a 299.999 €: 900 € (máximo 4 sesións, a partir da 5ª, 120 € máis por cada sesión)
- Asuntos de contía igual ou superior a 300.000 €: aplicarase a escala tipo das Normas de honorarios ao 5 %.